
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 23 DE ABRIL DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se regula o réxime xurídico do solo empresarial xestionado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.
- Decreto polo que se aproba a cesión de titularidade dunha antiga caseta de legoeiros situada no p.q. 1+970 da estrada OU-603, no concello da Rúa.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se dispón que cese Félix Rubial Bernárdez, como director xeral de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Asistencia Sanitaria a Ramón Ares Rico.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a Axencia de Turismo de Galicia para allear directamente trescentas trinta e seis (336) accións da sociedade Estación de Inverno de Manzaneda, S.A. (MEISA), por importe de oito mil catrocentos euros (8.400,00 euros).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a aprobación da Resolución de concesión directa de subvencións para actuacións de rehabilitación de vivendas e de edificios de vivendas existentes do programa RENOVE do Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012.
- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2016 do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na



área de transporte metropolitano da Coruña, asinado o 22 de outubro de 2010, por importe de cinco millóns cento setenta e sete mil cento dezanove euros con corenta e oito céntimos (5.177.119,48 euros).

- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2016 do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela, asinado o 3 de decembro de 2010, por importe dun millón novecientos vinte e dous mil catrocentos vinte e nove euros con vinte e oito céntimos (1.922.429,28 euros).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2016 do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Ferrol, asinado o 27 de decembro de 2010, por importe dun millón seiscientos setenta e seis mil vinte e nove euros con sesenta e oito céntimos (1.676.029,68 euros).
- Acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2016 do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Lugo, asinado o 29 de decembro de 2010, por importe de cento sesenta e cinco mil catorce euros con trinta e seis céntimos (165.014,36 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO), para proporcionar ao persoal investigador do Sistema universitario de Galicia (SUG) acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación, por un importe total de cincocentos dez mil euros (510.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña (UDC), Santiago de Compostela (USC) e Vigo (UVIGO) para prover, manter e actualizar as infraestruturas científicas e técnicas para un uso compartido do persoal investigador e para varios proxectos que faciliten unha investigación científico-técnica de calidade, por un importe total de dous millóns catrocentos setenta e sete mil douscentos setenta e cinco euros con un céntimo (2.477.275,01 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver nos anos 2015 e 2016 un programa de actuacións en materia de investigación lingüística, a través do Instituto da Lingua



Galega, por importe total de catrocentos trinta e seis mil setecentos euros (436.700,00 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación de Parapléjicos y Grandes Minusválidos de Galicia (Aspaym), para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares residentes en Galicia e para o mantemento da entidade. Importe: trinta e cinco mil oitocentos vinte e sete euros (35.827,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Entidades e Organizacións Protectoras de Persoas con Autismo da Comunidade Autónoma de Galicia (Autismo Galicia), para promover a atención das persoas con trastornos do espectro autista e das súas familias en Galicia e para o mantemento da federación e das entidades federadas. Importe: cento vinte e tres mil sesenta e un euros (123.061,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de Cogami e das súas entidades. Importe: setecentos trinta e un mil trescentos noventa e oito euros (731.398,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia), para o financiamento de programas destinados ás persoas con discapacidade intelectual, coa síndrome de Down, en situación de dependencia e ás súas familias e do mantemento da federación. Importe: catrocentos dez mil trescentos un euros (410.301,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o



regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual Galicia (Fademga Feaps Galicia), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade e ás súas familias e do mantemento de Fademga Feaps Galicia. Importe: trescentos trinta e oito mil trescentos cinco euros (338.305,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (Fagal), para o financiamento dos programas de atención dirixidos a familiares de enfermos de alzheimer residentes en Galicia e mantemento da federación. Importe: vinte e dous mil oitocentos trinta e oito euros (22.838,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), para o financiamento do programa de atención a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e para o mantemento da federación. Importe: seiscentos noventa mil cincocentos noventa e dous euros (690.592,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Feafes), para o financiamento dos seus programas dirixidos a persoas con enfermidade mental, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e para o mantemento da entidade. Importe: cincocentos vinte e un mil setecentos corenta e oito euros (521.748,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace), para o financiamento dos programas de atención ambulatoria, de rehabilitación funcional e inclusión social de persoas con dano cerebral adquirido e para o mantemento da federación e das entidades federadas. Importe: Cento sesenta e sete mil setecentos catorce euros (167.714,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Asociacións de Atención ás Persoas con Parálise Cerebral e/ou Patoloxías Afíns (Federación Aspace Galicia), para o financiamento do programa de promoción da autonomía persoal de persoa con parálise cerebral mediante a formación e para o mantemento da entidade. Importe total: vinte e cinco mil euros (25.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec), para o financiamento de actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e crónicas e para o mantemento da federación. Importe: dezaoto mil cincocentos euros (18.500,00 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a Orde para a adaptación e incorporación á sede electrónica da Xunta de Galicia dos procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería de Medio Rural e do Mar.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a Estratexia de enerxía xeotérmica en Galicia 2015-2020.
- Informe sobre a contratación de servizos para a captación de investimentos estranxeiros para Galicia.



A XUNTA ACTIVARÁ EN MAIO A SEGUNDA FASE DO PROGRAMA DE VENDA DE SOLO EMPRESARIAL QUE APLICARÁ BONIFICACIÓNS DE ATA O 50 POR CENTO NOS PARQUES DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

- ***O Consello da Xunta aproba o decreto que facilita o acceso ao solo dos 21 parques que xestiona o IGVS***
- ***Ábrese tamén a posibilidade de aprazar o pagamento das parcelas adquiridas***
- ***O decreto regula, ademais, a venda do solo rústico sobranste no contorno dos parques empresariais propiedade do IGVS***
- ***O novo concurso público de venda de solo, que se convocará en maio, forma parte da Axenda da competitividade industrial que xa permitiu vender en tres meses 252.000 metros cadrados de solo, un 30% máis que no total de 2013 e 2014***

A Xunta activará en maio a segunda fase do programa de venda de solo empresarial, que establecerá bonificacións de ata o 50 por cento nos parques empresariais xestionados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS). Este organismo convocará no próximo mes o concurso de venda do solo empresarial que establecerá prezos bonificados en 21 parques empresariais, unha vez que o Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se regula o réxime xurídico do solo propiedade do IGVS.

O decreto aprobado hoxe fai posible establecer bonificacións no prezo de todos os parques empresariais que xestiona o Instituto Galego da Vivenda e Solo e recolle outras medidas para incentivar a actividade empresarial en Galicia, como son a flexibilización das formas de pagamento do solo empresarial.

Neste sentido, fronte á rixidez da anterior normativa de 2007, que obrigaba os adquirentes a pagar o cen por cento do prezo do solo antes de proceder á súa escrituración, este novo decreto permite establecer aprazamentos de pagamento e regula a permuta de solo por edificación. Tamén permite a adxudicación de parcelas en dereito de superficie, co obxecto de reducir o custo do solo para iniciativas empresariais interesadas neste tipo de adxudicación.

Por outra parte, o decreto establece a posibilidade de adxudicación directa de parcelas cando se trate de ampliacións dun parque empresarial xa existente. Neste caso poderase realizar a adxudicación directa de parcelas lindeiras con outras das fases anteriores, sempre que sexan necesarias para a expansión empresarial da empresa xa instalada no parque.

Tamén será posible a adxudicación directa a favor de fundacións públicas autonómicas ou empresas con capital participado polo IGVS, a Xunta ou outras entidades do sector público autonómico, así como cando se trate de permutas de solo ou que fosen reservadas polo procedemento establecido no Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial. Igualmente poderán adxudicarse directamente parcelas a proxectos empresariais declarados singulares, que son aqueles de carácter estratéxico pola súa actividade (con grande

—

impacto económico e que crean múltiples postos de traballo) ou que necesitan unha grande extensión de terreo, que podería implicar incluso a necesidade de adaptar a configuración inicial do parque.

Por regra xeral, exceptuadas as adxudicacións directas indicadas, o solo empresarial do IGVS adxudicarase a través de concurso público de venda. As parcelas que non sexan adxudicadas no correspondente concurso poderán adxudicarse de forma directa, nas mesmas condicións establecidas para o concurso público de venda.

Así mesmo, o decreto regula a posibilidade de adxudicación de solos aínda non urbanizados a empresas que polas características do seu proxecto necesitan grandes superficies. A adxudicación de solo non urbanizado permitirá neste casos que a urbanización se adapte perfectamente ás necesidades da empresa, facilitando así a súa implantación.

Regúlase, ademais, a venda de solo rústico sobrante no contorno dos parques empresariais propiedade do IGVS

Axenda da competitividade industrial

A bonificación do prezo solo empresarial do Instituto Galego de Vivenda e Solo constitúe a segunda fase do programa de venda de solo empresarial posto en marcha pola Xunta no marco da Axenda da competitividade industrial, que foi aprobada polo Consello da Xunta a finais do ano 2014. Nese marco, o pasado mes de xaneiro púxose en marcha a primeira fase de venda de solo empresarial coa bonificación de prezos nos 33 parques industriais de titularidade de Xestur Galicia.

Ese programa permitiu adxudicar en só tres meses 252.000 metros cadrados de solo empresarial en Galicia, o que representa un 30% máis do vendido en conxunto ao longo dos anos 2013 e 2014. Os proxectos asociados ao solo empresarial vendido neste ano 2015 suporán un investimento asociado de 169 millóns de euros e a creación de 5.625 postos de traballo entre directos e indirectos.



A XUNTA ACORDA O CAMBIO DE TITULARIDADE DUNHA ANTIGA CASETA DE LEGOEIROS NA ESTRADA OU-603 A PROL DO CONCELLO DA RÚA

- ***A Axencia Galega de Infraestruturas formulou a proposta favorable á cesión de titularidade dos 625 m² de superficie total, así como as edificacións e todos os elementos de urbanización***
- ***A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega***
- ***Corresponderalle ao Concello da Rúa a xestión, mantemento, conservación e explotación da superficie, edificacións e elementos de urbanización, mobiliario urbano e instalacións existentes na parcela***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba a cesión de titularidade dunha antiga caseta de legoeiros situada no p.k. 1+970 da estrada OU-603, a prol do Concello da Rúa.

Esta caseta de legoeiros é un elemento funcional da estrada de acordo co artigo 6.2 da Lei 8/2013 do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que considera elementos funcionais as infraestruturas complementarias constituídas por espazos e instalacións destinadas a ordenar, mellorar ou regularizar o sistema xeral de transportes e comunicacións.


A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á cesión de titularidade dos 625 m² que determinan a totalidade da superficie, así como as edificacións e todos os elementos de urbanización, mobiliario urbano e instalacións existentes na dita parcela. Esta caseta de legoeiros perdeu a súa utilidade como elemento funcional da estrada e non é previsible nin recomendable a súa recuperación para este uso.

O Concello da Rúa deberá levar a cabo as actuacións necesarias ante os organismos oficiais correspondentes para regularizar a titularidade da superficie, edificacións e elementos de urbanización, mobiliario urbano e instalacións existentes na parcela.

A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Corresponderanlle ao Concello da Rúa, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da superficie, edificacións e elementos de urbanización, mobiliario urbano e instalacións existentes na parcela, así como o exercicio das funcións que puidesen corresponderlle como nova Administración titular.





Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

RAMÓN ARES RICO, NOVO DIRECTOR XERAL DE ASISTENCIA SANITARIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- ***Substitúe no cargo a Félix Rubial Bernárdez, quen foi cesado hoxe polo Consello da Xunta para incorporarse como xerente da estrutura organizativa de Xestión Integrada de Vigo***

O Consello da Xunta de Galicia acordou na súa xuntanza de hoxe o nomeamento de Ramón Ares Rico como director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde. Ares substitúe a Félix Rubial Bernárdez, quen foi director xeral durante os últimos tres anos e tres meses, e que tras ser hoxe cesado polo Consello, pasa a incorporarse como novo xerente da estrutura organizativa de Xestión Integrada de Vigo.

O novo director xeral asistencia sanitaria

Ramón Ares (Melide, 1960) é licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago, realizou un curso de doutoramento, Suficiencia Investigadora, pola Universidade de Vigo. Tamén se formou como especialista en Saúde Pública na Universidade de Santiago, e conta cun master en Dirección e Organización de Hospitais e Servizos de Saúde da Universidade Politécnica de Valencia. Ten ademais unha titulación como experto en Admisión e Documentación Clínica, impartido na Universidade Complutense de Madrid.

Ares iniciou a súa carreira profesional como médico de Promoción e Protección da Saúde, interino da Consellería de Sanidade en 1985, e desenvolveu diversos cargos na Consellería, primeiro na Delegación Provincial da Consellería en Ourense, na sección de Epidemioloxía, e despois, a partir de 1991, en servizos centrais primeiro como asesor técnico en Atención Especializada, e posteriormente como xefe da Sección de Concertos.

No ano 1994 incorporouse como coordinador de admisión do Complexo Hospitalario Cristal-Piñor de Ourense, e posteriormente entre os anos 1996 e 2005 ocupouse da dirección das xerencias de varios hospitais: Comarcal de Valdeorras en 1996, Hospital da Costa (Burela) en 2000; e Xeral Calde de Lugo en 2002. Entre 2006 e 2009 desenvolveu a dirección médica da Fundación Pública Hospital do Salnés, para pasar despois á Xerencia do Hospital Virxe da Xunqueira en Cee. Por último, no ano 2012 incorpórase á dirección de Procesos Asistenciais da creada EOXI de Coruña.

Compaxinado coa súa actividade profesional, Ares realizou unha intensa actividade formativa, con diversos cursos de de epidemioloxía, saúde pública, investigación, xestión sanitaria e alta dirección (Programa de Alta Dirección en Instituciones Sanitarias, IESE, 2004).

O novo xerente da EOXI de Vigo

Félix Rubial (1968) é licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago, e



especializouse en Medicina Preventiva e Saúde Pública. Posúe un master en Saúde Pública pola Escola Nacional de Sanidade; un master en Dirección e Administración de Empresas (MBA) pola Universidade da Coruña; e un master en Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias pola Universidade de Santiago de Compostela e a Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS).

Rubial conta cunha ampla experiencia profesional no eido da sanidade, que iniciou no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago. Posteriormente desempeñou o cargo de director médico do Hospital da Costa (Burela) e no Complexo Hospitalario Xeral-Calde; e entre 2005 e 2006 foi subdirector médico no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

Entre 2006 e 2009 foi o director operativo do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago; dende 2009 e ata 2012, director médico do Complexo Hospitalario Xeral-Calde, onde foi un dos artífices do proceso de traslado e posta en funcionamento do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA). Desde entón, viña exercendo como director xeral de asistencia sanitaria.

Así mesmo, ten participado en distintas actividades de formación, fundamentalmente no ámbito da xestión de servizos sanitarios, e máis concretamente no terreo da xestión de pacientes no ámbito hospitalario e a dirección de institucións sanitarias, e da atención integral á cronicidade. Tamén participou en diversas mesas e foros como relator.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA A TRANSMISIÓN DE 336 ACCIÓNS DA SOCIEDADE MEISA Á DEPUTACIÓN DE OURENSE

- ***A sociedade titular da estación de inverno de Manzaneda pasará a contar cun novo socio institucional de referencia***
- ***A Xunta alleará ao organismo provincial un 14% da sociedade, e manterá unha participación do 34% nela***
- ***A operación foi autorizada previamente pola Xunta Xeral de Accionistas de MEISA, e responde a unha petición do organismo provincial***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Axencia de Turismo de Galicia para a transmisión de 336 accións da sociedade Estación de Inverno Manzaneda S.A. (MEISA) á Deputación de Ourense.

A sociedade MEISA –titular da estación de inverno de Manzaneda- pasará a contar así cun novo socio institucional de referencia. No accionariado da entidade xa están presentes a Axencia de Turismo de Galicia e os concellos de Trives e Manzaneda, xunto á Central Hotelera Hotelalia.

A Xunta de Galicia alleará ao organismo provincial 336 accións de MEISA, unha participación que representa o 14% do capital social. A Administración galega diversifica a composición accionarial da sociedade ao tempo que manterá unha participación do 34% nela.

A operación de alleamento foi autorizada previamente pola Xunta Xeral de accionistas de MEISA, e responde a unha petición da Deputación de Ourense.

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 6,7 MILLÓNS DE EUROS A ABOAR AS AXUDAS Á REHABILITACIÓN PENDENTES DO ANTERIOR PLAN ESTATAL DE VIVENDA



- **Desbloquéase deste xeito a situación de preto de 10.000 solicitantes que realizaron obras ao abeiro do programa Renove artellado polo anterior Goberno central pero quedaron sen subvención**
- **O modelo de xestión desas axudas provocou que obras de rehabilitación realizadas quedaran sen axuda por falta de crédito ou por obter a cualificación definitiva tras o peche da última convocatoria**
- **Grazas ao acordo acadado entre a Xunta e o Ministerio de Fomento, recoñeceranse as achegas a todos os solicitantes que acreditaron a realización das obras de acordo coas bases da convocatoria e non recibiron a subvención**
- **As axudas aboaranse antes do remate do vindeiro mes de xuño**

A Xunta de Galicia aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a concesión directa de subvencións para actuacións de rehabilitación que se realizaron ao abeiro do programa Renove do Plan estatal de vivenda e rehabilitación 2009-2012. Deste xeito aboaranse as axudas pendentes por obras realizadas ao abeiro do anterior Plan estatal de vivenda.

Desbloquéase deste xeito a situación de preto de 10.000 solicitantes que realizaron obras ao abeiro do programa Renove artellado polo anterior Goberno central pero quedaron sen subvención.

O modelo de xestión desas axudas provocou que obras de rehabilitación realizadas quedaran sen axuda por falta de crédito ou por obter a cualificación definitiva tras o peche da última convocatoria. Poderán acceder ás axudas pendentes todos os solicitantes que realizaron as obras dentro de prazo e obtiveron a cualificación definitiva antes do catro de decembro de 2014.

Ata 9.570 solicitantes se poderán beneficiar deste acordo do Consello da Xunta, que foi posible despois do acordo entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo co Ministerio de Fomento para financialas.

Despois da autorización por parte do Consello da Xunta da concesión directa das axudas aos solicitantes con cualificación definitiva, o Instituto Galego da Vivenda e Solo dirixirase de inmediato a todas as comunidades de propietarios que estean na dita situación para solicitar o envío da documentación necesaria que acredite o cumprimento dos requisitos necesarios para o pagamento das axudas.

Esta documentación deberá ser remitida de inmediato polas comunidades de propietarios, xa que o pagamento das axudas deberá estar rematado antes de finais do próximo mes de xuño.

As axudas do programa Renove do Plan de Vivenda 2012-2015 destinábanse á realización de actuacións de mellora e rehabilitación en edificios e vivendas co obxectivo de mellorar a súa eficiencia enerxética, garantir a seguridade e estanquidade dos edificios e mellorar a



accesibilidade. Estas axudas eran financiadas con fondos estatais e xestionadas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.

A normativa establecía un procedemento en dúas fases. Na primeira cualificábanse provisionalmente as obras que se ían realizar e, unha vez rematadas, emitíase a cualificación definitiva. Na segunda fase, unha vez obtida a cualificación definitiva, era necesario solicitar a subvención unha vez se convocaban estas. O Plan de vivenda rematou sen que parte dos solicitantes que dispoñían de cualificación definitiva puidesen acceder á axuda, ben por terse esgotado o crédito na convocatoria en que presentaron a solicitude de axuda o por ter obtido a cualificación definitiva despois de pecharse a última convocatoria de axudas.

Coa autorización para a concesión directa das subvencións, todos os solicitantes que obtiveron a cualificación definitiva recibirán a axuda que lles correspondía. Esta solución foi posible despois do acordo co Ministerio de Fomento para o financiamento das actuacións, o que permite afondar nas actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A RENOVACIÓN DO CONVENIO DO TRANSPORTE METROPOLITANO DA CORUÑA PARA O ANO 2016, QUE CONTARÁ CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 5,2 MILLÓNS DE EUROS

- *En 2010 asinouse o convenio para o desenvolvemento do transporte metropolitano na área da Coruña, nos concellos da Coruña, Oleiros, Arteixo, Culleredo, Sada, Betanzos, Bergondo, Abegondo, Carral e Cambre*
- *Nos anos posteriores integrábanse nesta área os concellos da Laracha, Oza-Cesuras, Cerceda e Miño*
- *Esta renovación do convenio permite a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios, xa que a Xunta contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante*
- *A achega da Administración autonómica fai posible a bonificación do 100% dos transbordos e os descontos adicionais aos usuarios recorrentes (15%) e ás familias numerosas (20% ou 50% segundo a categoría)*
- *O Consello da Xunta tamén aprobou o convenio polo que se prorroga o convenio nas áreas metropolitanas da Santiago, Ferrol e Lugo, polo que o investimento ascende a case 9 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a prórroga para o ano 2016 do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de transporte metropolitano de Galicia na área da Coruña por importe de preto de 5,2 millóns de euros.

No convenio asinado en outubro de 2010 establecíase unha vixencia ata o 31 de decembro de 2015, polo que coa finalidade de dar continuidade ao plan e aos efectos positivos provocados por este respecto do fomento do uso do transporte público, no seo da Comisión de Seguimento da área da Coruña, reunida o 17 de decembro de 2014, informouse da vontade de prorrogar o convenio marco na área para o exercicio 2016.

Cómpre lembrar que o 22 de outubro de 2010 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas asinou o convenio de colaboración para desenvolvemento do transporte metropolitano de Galicia na área da Coruña, que consta dos seguintes concellos: A Coruña, Oleiros, Arteixo, Culleredo, Sada, Betanzos, Bergondo, Abegondo, Carral e Cambre.

No convenio prevíase a posibilidade de ampliación xeográfica da área e con data do 18 de outubro de 2012, logo da aprobación por parte da Comisión de Seguimento, a Xunta asinou os acordos de integración na área da Coruña dos concellos da Laracha e Oza-Cesuras. Posteriormente, o 22 de outubro de 2012, asínase o acordo de integración do concello de Cerceda e o 5 de febreiro de 2014, asínase o acordo de integración do concello de Miño.



O Goberno galego continúa a traballar cos concellos galegos para facer efectiva a adhesión daqueles municipios que soliciten a súa integración nunha área do transporte metropolitano determinada.

Esta renovación do convenio permite a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios. A Xunta contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Ademais, o Goberno galego contribúe coa bonificación do 100% dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e ás familias numerosas (20% ou 50% segundo se ten 3 fillos ou máis).

O plan leva consigo tamén un incremento do uso do transporte público, en detrimento do vehículo particular, feito que supón unha diminución da contaminación nas grandes cidades.

XUNTA E CONCELLOS DA ÁREA METROPOLITANA DE SANTIAGO ACORDAN RENOVAR O CONVENIO DO TRANSPORTE METROPOLITANO PARA O ANO 2016 CUN IMPORTE DE CASE 2 MILLÓNS DE EUROS



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

- ***Esta área está integrada na actualidade polos concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, O Pino, Oroso, Rois, Santiago, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra***
- ***O convenio en vigor establece que no caso de prorrogar o Plan de transporte metropolitano, esta debe ser adoptada antes do 1 de maio de 2015***
- ***A Xunta contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Ademais, contribúe coa bonificación do 100% dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais, familias numerosas ou aos estudantes***
- ***O Consello da Xunta tamén aprobou o convenio polo que se prorroga o convenio nas áreas metropolitanas da Coruña, Ferrol e Lugo, polo que o investimento ascende a case 9 millóns de euros***

O Consello da Xunta de Galicia reunido esta mañá aprobou a prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os concellos que integran a área de transporte metropolitano de Santiago. Deste xeito, queda garantido o funcionamento deste servizo público de mobilidade durante o ano 2016 e no que as administracións asinantes achegan case dous millóns de euros (1.922.428).

Na actualidade a área de Santiago está constituída por 13 concellos: Ames, Boqueixón, Brión, Negreira, O Pino, Oroso, Rois, Santiago, Teo, Touro, Trazo, Val do Dubra e Vedra, que achegan 276.000 euros; mentres que a Xunta achega 1,6 millóns de euros.

A Xunta contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Por riba disto, a Xunta asume a bonificación do 100% dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e ás familias numerosas (20% ou 50% segundo se ten 3 fillos ou máis).

Esta renovación está xustificada no feito de que a vixencia do convenio que rexe na actualidade remata o 31 de decembro de 2015; polo que tal e como se establece no convenio a dita prórroga debe ser adoptada antes do 1 de maio de 2015.

O Plan de transporte metropolitano ofrece aos usuarios descontos medios do 50% nas viaxes metropolitanas; aforros anuais para os que utilicen con frecuencia o transporte metropolitano dun 50% do seu custo; e un sistema de billete único que facilita a intermodalidade.

Cómpre sinalar que o Plan de transporte metropolitano mellora a accesibilidade e a mobilidade das vilas, xa que ademais de contribuirá a frear a intensa utilización do vehículo particular, tamén axudará a aumentar o uso do transporte público.

Asemade, o Consello da Xunta autorizou a prórroga dos plans de transporte metropolitano das áreas da Coruña, Ferrol e Lugo, polo que o investimento que no seu conxunto realizan as administracións asinantes ascende a case 9 millóns de euros (8.940.592).





A XUNTA AUTORIZA A RENOVACIÓN DO CONVENIO DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE FERROL EN 2016 CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 1,7 MILLÓNS DE EUROS

- *Esta área está integrada na actualidade polos concellos de Ferrol, Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume, Valdoviño e Miño*
- *O convenio en vigor establece que no caso de prorrogar o Plan de transporte metropolitano, a renovación debe ser adoptada antes do 1 de maio de 2015*
- *A Xunta contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Ademais, contribúe coa bonificación do 100% dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais, familias numerosas ou aos estudantes*
- *O Consello da Xunta tamén aprobou o convenio polo que se prorroga o convenio nas áreas metropolitanas da Coruña, Santiago e Lugo, polo que o investimento ascende a case 9 millóns de euros*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá, a prórroga para o ano 2016 do Convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Ferrol, que supón un investimento total de 1.676.029,68 euros.

Esta renovación está xustificada no feito de que a vixencia do convenio que rexe na actualidade remata o 31 de decembro de 2015 e, segundo está establecido no convenio a prórroga debe ser adoptada antes do 1 de maio de 2015. En total, a Administración autonómica achegará 1.240.683,79 para compensar as viaxes dos cidadáns dos 11 concellos adheridos, segundo consta no acordo aprobado hoxe.

O 27 de decembro de 2010 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia e os concellos de Ferrol, Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Mugardos, Narón, Neda, Pontedeume e Valdoviño asinaron o Convenio de colaboración para desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área Ferrol. Posteriormente, en febreiro de 2014 uniuse o Concello de Miño, polo que esta área está integrada actualmente por un total de 11 concellos.

O acordo supón, sempre que así o aprobe a Comisión de Seguimento que se celebrará nas vindeiras semanas, a continuidade dun plan que supón importantes aforros económicos para os usuarios. A Xunta contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Por riba disto, a Xunta contribúe coa bonificación do 100% dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais (15%), ás familias numerosas (20% ou 50% segundo se ten 3 fillos ou máis) ou os estudantes da Universidade da Coruña no campus de Ferrol.

Cómpre sinalar que o Plan de transporte metropolitano mellora a accesibilidade e a mobilidade das vilas, xa que ademais de contribuír a frear a intensa utilización do vehículo



particular, tamén axudará a aumentar o uso do transporte público. Trátase dun plan que aposta tamén por favorecer a intermodalidade, coa aplicación das bonificacións tarifarias en Renfe Operadora.

Asemade, o Consello da Xunta autorizou a prórroga dos plans de transporte metropolitano das áreas da Coruña, Santiago e Lugo, que supón un investimento conxunto das administracións asinantes de case 9 millóns de euros (8.940.592).

APROBADA A RENOVACIÓN DO CONVENIO DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE LUGO PARA O ANO 2016, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO CONXUNTO DE 200.000 EUROS



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

- ***Esta área está integrada na actualidade polos concellos de Castro de Rei, Castrolverde, Friol, Guntín, Lugo, O Corgo, Outeiro de Rei e Rábade***
- ***O convenio en vigor establece que no caso de prorrogar o plan de transporte metropolitano, esta debe ser adoptada antes do 1 de maio de 2015***
- ***A Xunta contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Ademais, contribúe coa bonificación do 100% dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais, familias numerosas ou aos estudantes***
- ***O Consello da Xunta tamén aprobou o convenio polo que se prorroga o convenio nas áreas metropolitanas da Coruña, Ferrol e Santiago, polo que o investimento ascende a case 9 millóns de euros***

O Consello da Xunta de Galicia reunido esta mañá aprobou a prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os concellos que integran a área de transporte metropolitano de Lugo. Deste xeito, queda garantido o funcionamento deste servizo público de mobilidade durante o ano 2016 e no que as administracións asinantes achegan case 200.000 euros.

Na actualidade a área de Lugo está constituída por oito concellos: Castro de Rei, Castrolverde, Friol, Guntín, Lugo, O Corgo, Outeiro de Rei e Rábade, que achegan case 30.000 euros; mentres que a Xunta achega case 140.000 euros.

A Xunta contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante. Por riba disto, a Xunta asume a bonificación do 100% dos transbordos e cos descontos adicionais aos usuarios habituais (15%) e ás familias numerosas (20% ou 50% segundo se ten 3 fillos ou máis).

Esta renovación está xustificada no feito de que a vixencia do convenio que rexe na actualidade remata o 31 de decembro de 2015; polo que tal e como se establece no convenio dita prórroga debe ser adoptada antes do 1 de maio de 2015.

O Plan de transporte metropolitano ofrece aos usuarios descontos medios do 50% nas viaxes metropolitanas; aforros anuais para os que utilicen con frecuencia o transporte metropolitano dun 50% do seu custo; e un sistema de billete único que facilita a intermodalidade.

Cómpre sinalar que o Plan de transporte metropolitano mellora a accesibilidade e a mobilidade das vilas, xa que ademais se contribuirá a frear a intensa utilización do vehículo particular, tamén axudará a aumentar o uso do transporte público.

Asemade, o Consello da Xunta autorizou a prórroga dos plans de transporte metropolitano das áreas da Coruña, Ferrol e Santiago, polo que o investimento que no seu conxunto realizan as administracións asinantes ascende a case 9 millóns de euros (8.940.592).





CULTURA E EDUCACIÓN COFINANCIARÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 12 MILLÓNS DE EUROS EN INFRAESTRUTURAS CIENTÍFICAS E EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO DAS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS

- ***A achega da Xunta elevarase a máis de 2,5 millóns de euros, cos que tamén se facilitará o acceso dos investigadores do SUG a recursos de supercomputación***
- ***Estas actuacións enmárcanse no Plan I2C, que ten por obxectivo estimular o crecemento económico e social de Galicia mediante o impulso e a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de acordo polo que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegará a parte complementaria - un 20%- do investimento que o Sistema universitario de Galicia (SUG) destinará a prover, manter e actualizar as infraestruturas científicas e técnicas para un uso compartido do persoal investigador e para varios proxectos que faciliten unha investigación científico-técnica de calidade. O 80% restante procederá das axudas que a USC, a UDC e a UVIGO obtiveron do Goberno central a través do Plan estatal de investigación científica e técnica e de innovación 2013-2016 (Plan estatal I+D+i). O investimento total en equipamento, entre ambas as partes, supera os 12 millóns de euros.

Ademais, a reunión semanal do Goberno galego deu luz verde á renovación do convenio coas tres universidades públicas galegas para proporcionar ao seu persoal investigador acceso a recursos de supercomputación do Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), almacenamento de datos e comunicación. En total ambas as actuacións suporán un investimento por parte da Consellería de máis de 2,5 millóns de euros.

Estas actuacións enmárcanse no Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) que ten por obxectivo estimular o crecemento económico e social de Galicia mediante o impulso e a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico, favorecendo o desenvolvemento dos centros que favorezan a investigación, a innovación e a transferencia.

Equipamento e infraestruturas

No referido ao equipamento e infraestruturas, trátase de colaborar a Consellería no cofinanciamento da achega económica que a USC, a UDC e a UVIGO necesitan para afrontar o custo total dos investimentos subvencionados, concedidos nominalmente pola Resolución do 10 de decembro de 2014 da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía e Competitividade, no marco do Subprograma de infraestruturas científicas e de equipamento do vixente Plan estatal I+D. Ao abeiro destas axudas as universidades do SUG poderán adquirir equipamento para a investigación en eidos como a medicina, a biomedicina, a veterinaria, a enxeñería civil e aeronáutica, entre outros.



—

A Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia comprométese a través dun convenio a colaborar no confinanciamento da achega económica que as tres universidades necesitan para afrontar o custo total dos investimento subvencionados, é dicir a achegar os 2.477.275 euros para financiar a parte complementaria (aproximadamente un 20 por cento) dun investimento total que ascende a máis de 12 millóns de euros.

Supercomputación

No caso da achega ao Cesga, ten como obxectivo pór á disposición dos investigadores o uso dos servizos dun supercomputador que permita realizar cálculos de altas prestacións, almacenamento de datos e comunicacións de banda larga necesarios para o desenvolvemento dos traballos científicos dos grupos e centros investigadores das universidades do Sistema universitario de Galicia.

Esta actuación complementa a aprobada no pasado Consello da Xunta para que, a través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia), se poña á disposición dos investigadores un abano de recursos de información científica en liña (bases de datos, revistas electrónicas e libros electrónicos). O obxectivo de ambas as accións é favorecer así o acceso á produción científica que se está a xerar, dentro e fóra, poñendo á disposición dos investigadores unha útil ferramenta tecnolóxica: o acceso a través da rede a un alto número de recursos electrónicos de información científica.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA 240.000 EUROS A RENOVAR A SÚA COLABORACIÓN CO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA PARA O IMPULSO DE LABORES DE INVESTIGACIÓN

- ***O obxectivo é dar continuidade aos proxectos desenvolvidos pola USC nesta institución de recoñecido prestixio***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela, a través do cal se impulsan os labores de investigación da lingua galega que desenvolve o Instituto da Lingua Galega (ILG). Deste xeito dáse continuidade á colaboración que ambas as entidades manteñen desde 1987 - e que a partir do ano 1994 se plasma coa sinatura ininterrompida de convenios- para a recollida de material dialectal lingüístico galego a partir dos que se elaboran os traballos científicos sobre gramática e lexicografía.

Ao abeiro deste acordo, que terá vixencia ao longo dos anos 2015 e 2016, desenvolveranse varios proxectos. Entre eles, elaboraranse novos volumes do Atlas Lingüístico Galego (ALGa) e corríxase e manterase a súa base de datos; e deseñárase unha nova aplicación para a lematización, etiquetación e revisión dos textos do Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG). No referido á investigación do Corpus lingüístico da Galicia medieval Xelmírez, revisaranse as lecturas da colección diplomática de documentos galegos medievais da colección diplomática Santa María de Oia, e arrequeñáranse e depuraránse tanto o Corpus romance como o Inventario toponómico da Galicia medieval.

Por outra banda, continuarase coa transcripción e clasificación temática dos textos orais dialectais para desenvolver e completar a base de datos do proxecto Arquivo do Galego Oral (AGO), e actualizarase o Corpus oral informatizado da lingua galega (Corilga) coa mellora do equilibrio dos seus tipos de texto e desenvolvemento da súa anotación morfolóxica e transcripción fonética.

Un referente na investigación lingüística

O ILG é un centro de investigación de recoñecido prestixio na súa contribución ao desenvolvemento da investigación científica sobre a lingua galega. Os seus traballos, centrados na lexicografía, na xeografía lingüística e na dialectoloxía, na onomástica, na fonética, na gramática, na sociolingüística e na historia da lingua supoñen uns recursos imprescindibles no campo filolóxico e lingüístico que lles dan resposta ás necesidades do conxunto da sociedade e á consulta e utilización de investigadores ou de público en xeral.

En recoñecemento ao frutífero labor desenvolvido por este instituto de investigación a prol da lingua galega nos últimos corenta anos a Xunta concedeulle en 2011 a Medalla de Ouro de Galicia, a máxima distinción outorgada polo Goberno galego.



BENESTAR DESTINA 3 MILLÓNS DE EUROS A PROGRAMAS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE DESENVOLVIDOS POR CERMI GALICIA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe 11 convenios de colaboración para financiar o funcionamento e realización de actividades que prestan estas asociacións***



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

- **Hoxe tamén se autorizaron os acordos con Fegerec e Aspaym, por un importe de máis de 54.000 euros**
- **Con este investimento, cúmprese o compromiso adquirido polo Goberno autonómico de blindar o orzamento destinado a este fin**
- **Tamén se segue a traballar desde a Administración conxuntamente coas federacións do ámbito da discapacidade para a determinación de criterios de redistribución deste financiamento que se axuste á representatividade real de cada unha delas**
- **Estes convenios enmárcanse dentro do compromiso da Xunta de Galicia en prol do colectivo da discapacidade, área na que este ano investirá 100 millóns de euros**

A Consellería de Traballo e Benestar destinará en 2015 máis de 3 millóns de euros a financiar, a través de convenios de colaboración, distintos programas e actividades para persoas con discapacidade desenvolvidos polas principais entidades de discapacidade e que beneficiarán a preto de 82.000 usuarios.

O Consello da Xunta aprobou hoxe 11 acordos con este obxectivo. Destes, un total de 9 correspóndense con entidades que conforman Cermei-Galicia (Aspace Galicia, Autismo Galicia, Cogami, Down Galicia, FAXPG, Feafes-Galicia, Fegadace e Fademga-Feaps e Fagal). Ademais, autorizáronse outros dous convenios de asociacións que non forman parte deste organismo: Fegerec, que se centra en apoiar as persoas con enfermidades raras, e Aspaym, que ten entre os seus principais obxectivos o traballo con lesionados medulares.

En total, o orzamento destinado aos compoñentes de Cermei acada os 3 millóns, aos que se suman os máis de 54.000 euros das outras dúas entidades.

O apoio ás federacións de discapacidade e as entidades que as integran é un aspecto fundamental de cara atención das persoas con discapacidade, especialmente tendo en conta que cada unha delas chega a uns beneficiarios específicos e con programas adaptados ás súas necesidades.

Cada entidade ten distintas actividades segundo o colectivo a que se dirixa, pero en xeral encárganse de: representar, defender e dar visibilidade aos seus asociados; promover a integración social, laboral e a normalización das persoas con discapacidade; favorecer o desenvolvemento e a autonomía deste colectivo, e mellorar a súa calidade de vida; orientar e apoiar aos seus beneficiarios e tamén os cuidadores; promover a formación e a investigación; e desenvolver actividades físicas, de recuperación, rehabilitación, así como de ocio e tempo libre.

En Galicia hai actualmente máis de 233.000 persoas con discapacidade, o que representa arredor do 10 por cento da poboación.



Orzamento “blindado”

Cabe salientar, ademais, que esta partida cumpre co compromiso adquirido de blindar o financiamento destinado ao mantemento das entidades con discapacidade. É preciso lembrar que nestas contías non están incluídas nin as axudas destinadas ao emprego das persoas con discapacidade, nin o concerto de prazas.

Neste compromiso a Administración quere garantir que a redistribución destas dotacións orzamentarias responda á representatividade real da poboación con discapacidade e para isto segue a traballar conxuntamente coas federacións integrantes do Cermi para acadar ese obxectivo.

Esta redistribución farase de xeito gradual e consensuado ao longo de toda a lexislatura. Cada ano páctase a repartición do seguinte, o que dota o proceso de máis transparencia e permite ás entidades contar cunha maior estabilidade ao coñecer de antemán os fondos dos que disporán.

Investimento en discapacidade

En 2015 incrementouse por segundo ano consecutivo o orzamento para a discapacidade, alcanzando en global a cifra de 100 millóns de euros, o que supón un crecemento de preto do 9% nos dous últimos anos. Actualmente, en Galicia hai 5.000 prazas públicas en centros de día, centros residenciais e centros ocupacionais para persoas con discapacidade, que supoñen un mantemento de 52,6 millóns de euros anuais. Desde 2009 creáronse 880 prazas para este colectivo, un 20% máis das existentes hai seis anos.

Ademais, en 2015 o departamento destina 17,7 millóns de euros aos programas de emprego para a discapacidade e, preto da metade dese orzamento, está dedicado a centros especiais de emprego, co obxectivo de subvencionar o traballo de 2.000 persoas con discapacidade en 114 centros de toda Galicia. En concreto, a contía da axuda por cada persoa contratada sitúase nos 322,65 euros mensuais, o que supón o 50 por cento do salario mínimo interprofesional.



A XUNTA INCORPORA MÁIS DE CEN NOVOS PROCEDEMENTOS Á SEDE ELECTRÓNICA NO MARCO DO PLAN ACHEGA

- *Os procedementos corresponden a Medio Rural e do Mar e se suman aos outro paquete anterior, de preto de 60 procedementos, da Presidencia e Vicepresidencia*
- *Esta nova Orde contribúe a axilizar as relacións entre a Administración e os cidadáns de maneira máis simple e fluída*
- *A día de hoxe, entre os procedementos do Plan Achega e os que se introduciron con anterioridade, xa se pode acceder electronicamente a 923 procedementos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Orde para a adaptación e a incorporación á sede electrónica, <http://sede.xunta.es>, dun total de 109 novos procedementos administrativos correspondentes á Consellería do Medio Rural e do Mar, o que contribúe a seguir axilizando as relacións entre a Administración e os cidadáns de maneira máis simple e fluída.

Ata agora, no marco do Plan Achega xa foran incorporados preto de sesenta procedementos novos á sede electrónica tanto da Presidencia como da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que foron habilitados electronicamente xa que non admitían a posibilidade de ser iniciados de xeito telemático.

Desta volta, foron revisados un total de 145 trámites ou procedementos da Consellería do Mar e do Medio Rural, dos cales 32 procedementos foron dados de baixa por ser obsoletos ou por non ser utilizados; 3 son procedementos habilitados electronicamente a través da súa regulamentación específica; 1 mantense como presencial; e finalmente 109 procedementos foron preparados para admitir a súa dispoñibilidade electrónica.

Coa incorporación destes 109 procedementos novos, que estarán dispoñibles electronicamente a partir da publicación da orde no DOG, o Goberno galego segue a desenvolver o Plan Achega 2014-2016, un plan de axilización administrativa que busca reducir cargas e tempos de tramitación a cidadáns e empresas e que culminará coa simplificación e mellora da totalidade dos procedementos administrativos da Xunta.

Entre os novos procedementos que estarán dispoñibles na sede electrónica destacan a autorización para impartir cursos de manipulador aplicador de produtos fitosanitarios; inscrición no rexistro de embotelladores; declaración anual de cultivos; declaracións censuais de explotacións gandeiras; autorización e rexistro de explotación apícola; permiso de explotación para embarcación; permiso de explotación a pé; ou tarxeta de mergullo profesional, entre outros.

Plan Achega 2014-2016



O pasado ano o Consello da Xunta aprobou o Plan de axilización administrativa 2014-2016 ou Plan Achega, co obxectivo de acadar unha administración máis áxil, eficiente e próxima nas súas relacións coa cidadanía, e que recolle unha serie de medidas concretas destinadas a revisar en tres anos os procedementos administrativos que a Administración galega pon á disposición dos cidadáns na Guía de procedementos e servizos, para melloralos, simplificalos e posibilitar a súa presentación electrónica.

Os eixos centrais do Plan Achega son potenciar a sede electrónica da Xunta mediante a culminación da incorporación de todos os procesos administrativos á disposición do cidadán, a simplificación dos procedementos e a eliminación dos documentos que progresivamente se incorporen na plataforma de interoperabilidade; é dicir, que non se lle pida presentar novamente ao cidadán documentos que a propia Administración poida obter directamente.

A día de hoxe, entre os procedementos ao abeiro do Plan Achega e os que se introduciron con anterioridade, os galegos e galegas xa poden acceder electronicamente aticamente a un total de 923 procedementos administrativos, preto do 60 por cento do total.



A XUNTA MOBILIZARÁ PRETO DE 4,5 MILLÓNS NO FOMENTO DA XEOTERMIA E OUTRAS RENOVABLES EN EMPRESAS, FOGARES E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- *Destínanse 1,3 millóns de euros para a implantación no rural galego de 300 equipamentos de xeotermia, aerotermia e solar térmica que supoñen importantes aforros económicos e levan aparelladas vantaxes ambientais*
- *No caso da xeotermia e da aerotermia, os novos equipamentos acadan aforros económicos de ata o 70% en comparación con outras fontes de enerxía*
- *Unha instalación solar térmica de 4 metros cadrados supón un aforro de 250 euros anuais para unha economía familiar*
- *No caso da xeotermia, a orde supón o inicio do desenvolvemento dun plan específico que busca fomentar a xeración de emprego no ciclo produtivo, desde a captación de enerxía á súa transferencia coa instalación de bombas de calor*
- *Aspírase a diminuír en 360.000 litros ao ano o consumo de gasóleo, evitándose a emisión á atmosfera de 1.000 toneladas de CO2 por exercicio*
- *Os beneficiarios poderán solicitar a dedución do 5% na súa declaración da renda establecida polo Goberno galego para fomentar a instalación deste tipo de equipamentos*
- *A orde encádrase no Plan de aforro e eficiencia enerxética nas vivendas galegas activado este ano e que, xunto ao programa para a instalación de caldeiras de biomasa, suma un total de 16,5 millóns de euros para aforro enerxético en 2015*

A eficiencia enerxética e o fomento das fontes renovables son dous dos piares de actuación da política enerxética do Goberno galego. Neste contexto, a Consellería de Economía activará unha novidosa liña encamiñada a impulsar as instalacións xeotérmicas na Comunidade, e que proporcionará tamén apoios para o desenvolvemento de proxectos relacionados coa aerotermia e a solar térmica. En total, destínanse máis de 1,3 millóns de euros ao fomento destas enerxías renovables en empresas, familias e Administración pública, mobilizando preto de 4,5 millóns.

A través deste programa, dirixido ao ámbito rural, os interesados poderán acceder a axudas para instalar equipos térmicos, obtendo importantes aforros económicos cun maior compromiso medioambiental. Neste sentido, cómpre salientar que, no caso da xeotermia e da aerotermia, os novos equipos permitirán acadar aforros económicos de ata o 70% en comparación con outras fontes de enerxía, mentres que na solar térmica, unha instalación de 4 metros cadrados supón un aforro de 250 euros anuais para unha economía familiar.

A convocatoria, da que foi informado hoxe o Consello da Xunta e que está cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), aspira a incrementar o emprego destas fontes renovables en Galicia, con apoios que oscilan entre o 30% e o 75%. En total, prevése o desenvolvemento de 300 proxectos que diminuirán en 360.000 litros ao ano o consumo de gasóleo, evitándose a emisión á atmosfera de 1.000 toneladas de CO2 por exercicio.



O Plan da xeotermia

No caso concreto da xeotermia, o programa conta cun orzamento dun millón de euros, iniciando o desenvolvemento dun plan específico que busca fomentar o aforro e a eficiencia enerxética co uso dunha enerxía limpa, autóctona e renovable que emprega o calor do subsolo para climatizar vivendas.

Este plan impulsará, ademais, a xeración de emprego no ciclo produtivo asociado ao aproveitamento da xeotermia, desde a captación de enerxía á súa transferencia mediante a instalación de bombas de calor en fogares. Así, xunto a esta convocatoria de axudas, o plan recolle o desenvolvemento de cursos de formación ou a aposta pola calidade, distinguindo co selo Galicia Calidade aquelas instalacións de enerxía xeotérmica realizadas por empresas galegas que cumpran cos máis altos estándares de garantía, calidade, eficiencia e fiabilidade.

Así mesmo, simplificarase a autorización administrativa para a instalación destes equipamentos, que pasará de rexerse pola lei mineira a facelo polo regulamento de instalacións térmicas. Búscase potenciar así a demanda de xeotermia impulsando unha fonte de enerxía cun crecente interese en Galicia, como amosan os 800 equipos instalados nos últimos 3 anos.

Pola súa banda, a orde para a instalación de equipamentos térmicos de solar térmica e aerotermia dispón de máis de 300.000 euros. Os beneficiarios, como sucede coas caldeiras de biomasa, poderán solicitar, así mesmo, a dedución do 5% na súa declaración da renda, establecida polo Goberno galego para fomentar a instalación deste tipo de equipamentos que empregan fontes renovables.

A aposta pola biomasa

Desta forma, a Xunta mantén a súa aposta polas fontes renovables, como xa está a facer coa Estratexia integral de impulso da biomasa, que este ano activou a segunda convocatoria da orde para a implantación de caldeiras de biomasa, que sumou 12 millóns á instalación de máis de mil equipamentos en familias, empresas e Administración pública galega.

Así mesmo, a liña de xeotermia, solar térmica e aerotermia encádrase no Plan de aforro e eficiencia enerxética en vivendas que ten activado este exercicio o Goberno galego, e que xunto co emprego de fontes renovables, atende á mellora das infraestruturas cara a construcións máis eficientes. O conxunto deste plan, sumado á orde de axudas para a instalación de caldeiras de biomasa, supón un investimento total de 16,5 millóns ao aforro enerxético en 2015. Unha cifra que permitirá mobilizar 37 millóns e xerar un aforro económico global de 8 millóns de euros nos fogares, nas empresas e na Administración pública.



A XUNTA REFORZA A CAPTACIÓN DE INVESTIMENTOS ESTRANXEIROS CON 2 MILLÓNS PARA ATRAER NOVOS PROXECTOS E A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN QUE AVALIARÁ POTENCIAIS INVESTIDORES

- ***O Goberno galego seleccionará, mediante concurso público, empresas especializadas coas que colaborará para achegar a Galicia iniciativas en sectores prioritarios e para promocionar a imaxe da Comunidade no exterior***
- ***A Comisión Internacional de Investimento busca actuar de forma coordinada e cun mesmo criterio ante os potenciais investidores, integrando nun único portelo os trámites e xestións que se realizarán ante a Administración***
- ***O obxectivo é dinamizar a actividade económica, facilitar o peche de ciclos produtivos, e impulsar a creación de emprego en tres ámbitos diferenciados como son os sectores primario, industrial e manufactureiro, e terciario***
- ***Estas actuacións supoñen un paso máis da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020 que, encadrada na Axenda da competitividade Galicia Industria – 4.0, ten na captación de investimentos unha das súas liñas prioritarias***

O Goberno galego ten na internacionalización do tecido empresarial un dos piares básicos para mellorar a súa competitividade e impulsar o crecemento económico. Neste contexto, o Consello da Xunta coñeceu hoxe da convocatoria dunha novidosa orde que destinará case 2 millóns de euros á captación de investimentos estranxeiros co obxectivo tanto de atraer empresas que desexen apostar por Galicia, como de impulsar iniciativas de compañías xa establecidas na Comunidade e que poidan realizar novos investimentos. Unha actuación que se complementará e reforzará, neste mesmo eido, coa creación dunha Comisión Internacional de Investimento para estudar e avaliar potenciais investidores.

Neste sentido, a través dun concurso público, a Xunta seleccionará tres empresas especializadas coas que colaborará de cara a achegar a Galicia potenciais iniciativas en sectores prioritarios da economía galega, dun lado, e para potenciar a imaxe da Comunidade no exterior, doutro.

Para o seu desenvolvemento, establécense tres grupos de actuación centrados en sectores de especial interese para o tecido empresarial, como son o industrial e manufactureiro, que abrangue a automoción, o naval e a aeronáutica, entre outros; o sector terciario, coa biotecnoloxía, as TIC e a saúde; e o sector primario, que inclúe a industria agroalimentaria, a madeireira e a de transporte e loxística.

Deste xeito, aspírase a dinamizar a actividade económica, facilitando o peche de ciclos produtivos en Galicia, e impulsando a creación de emprego de calidade. Para a adxudicación, terase en conta tanto o prezo como a metodoloxía e grao de servizo ofertado, así como as melloras propostas.

Esta actuación supón un paso máis no desenvolvemento da Estratexia de Internacionalización da empresa galega 2020 que, encadrada no marco da Axenda da



Competitividade Galicia Industria – 4.0, ten na captación de investimentos unha das súas liñas prioritarias de actuación.

A través desta estratexia, o Goberno galego non só aspira a manter o crecemento das exportacións galegas, senón que busca facer de Galicia un foco de atracción de investimentos especializado en sectores e países concretos. Non en van, entre os principais obxectivos do plan atópase incrementar nun 25% o investimento estranxeiro en Galicia, para o que se porán en marcha distintas liñas, como a convocatoria coñecida hoxe, encamiñadas a apoiar proxectos de internacionalización tanto a través de instrumentos financeiros propios e alleos, como da colaboración coa Rede galega de Business Angels.

Comisión Internacional de Investimento

A este obxectivo responde a creación da Comisión Internacional de Investimento que, no marco da nova orde, pretende integrar e avaliar toda a información relativa a posibles investidores estranxeiros na Comunidade. A súa constitución permitirá actuar de forma coordinada e cun mesmo criterio ante estes potenciais investidores, para o cal se integrarán nun único portelo os trámites e xestións que se realizarán ante a administración.

O órgano estará composto por representantes daquelas áreas do Goberno galego con interese no ámbito internacional, que se reunirán con carácter periódico, en función dos tempos marcados polos resultados e as necesidades do propio programa de captación de investimentos estranxeiros.

